



O 14 de decembro de 2016 tivo entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública, presentada pola Plataforma en defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia-PLADESEMAPESGA, representada polo seu presidente, Miguel Angel Delgado González ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O 7 de agosto de 2017 tivo entrada no Rexistro do Consello de Contas de Galicia un escrito asinado pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar no que se daba traslado de dita solicitude de información formulada por PLADESEMAPESGA ao no obrar na Consellería do Mar a información solicitada relativa ós informes de auditoría de contas da Federación Galega de Confrarías de Pescadores e da Confraría de Pescadores de Caión. A partir desta data de recepción no Consello de Contas empeza a contar o prazo dun mes para ditar resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Dos documentos ós que se refire a solicitude os únicos dos que dispón o Consello de Contas son as contas anuais formuladas por ambas entidades e que se atopan accesibles na páxina web do consello <http://www.consellodecontas.es> no seguinte enlace:
http://www.consellodecontas.es/birtviewer/preview?report=inst/resumo_institucional_rendicion.rptdesign&format=html&Ejercicio=2015.

As confrarías de pescadores e as súas federacións, consonte a súa normativa reguladora, so están obrigadas someterse a unha auditoría externa de contas a requirimento da consellería competente en materia de pesca, non estando obrigadas a realizar informes de auditoría anuais polo que non os teñen presentado ao Consello de Contas e non se dispón dos mesmos.

Por último, polo que se refire a informes de fiscalización realizados polo Consello de Contas o último que realizou relativo ás confrarías de pescadores foi o Informe Xeral de Confrarías de Pescadores de Galicia correspondente aos exercicios 2006-2007 realizado no ano 2009 que tamén se atopa accesible na páxina web do Consello no enlace:
http://www.consellodecontas.es/gl/menusconsello/fiscalizacion/buscadorinformes?field_doc_allocation_year_value%5Bvalue%5D%5Byear%5D=&field_doc_area_tid=All&title=confr.

O Consello de Contas non ten realizado, ata a actualidade, informes de fiscalización nin da Federación Galega de Confrarías de Pescadores nin da confraría de Pescadores de Caión polo que non pode facilitarse esta información.



Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderse interpoñer recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes. En ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017

A CONSELLEIRA DA ÁREA INSTITUCIONAL



Beatriz Rodríguez Fraga
Consello de Contas de Galicia
ÁREA INSTITUCIONAL